

Ola de novo!

Temos as pilas cargadas? Seguro que si.

Tras estas pequenas vacacións debemos volver de novo a asumir as nosas responsabilidades como escolares que somos, non si? Aínda que a situación non é agradable debemos seguir intentando levar as nosas rutinas diarias o mellor posible: tarefas escolares, tempo de lecer, exercicio físico, axudar nas tarefas da casa...

Para esta semana programamos unhas actividades que serven para seguir reforzando os contidos xa traballados neste curso ou mesmo no curso pasado. Non ides ter dificultade para realizalas. Debedes seguir a demostrar que sodes perfectamente autónomos/as para enfrontarvos á resolución das mesmas. **Lede ben as instrucións que se vos dan para realizalas xa que son varias páxinas, mais NON quere dicir que sexan todas de actividades. Hai teoría de repaso e opcións para elixir nalgunhas delas.**

Como novidade tedes un libro de lectura en castelán, *Aventuras de "La mano negra"* para ler ao longo deste trimestre. Podedes ir empezando por "La casa misteriosa" (Leer desde la página 7 a la 20). O próximo martes, día 21, plantexarémovos unhas cuestión sobre o lido. Non adiantedes máis ata novo aviso.

Olo!! Non o tedes que imprimir. Aparece descargado para que poidades lelo a través dun dispositivo electrónico (ordenador, móbil, tablet...)

*Las Aventuras de "La mano negra" contiene cuatro historias en las que el lector debe buscar pistas en sus ilustraciones para resolver un enigma. Encontrar la solución requiere fijarse en la imagen y observarla con detenimiento.*

Mirade o que **Marga** vos deixou na súa Arca, chamouno "RESISTIRÉ, himno do TEMPO VIRADO" Animádevos a facelo, veredes que interesante e divertido!

Silvia déixavos un corto titulado "**El otro par**" e un xogo para investigar sobre as distintas relixións. Actividades lúdicas que vos farán reflexionar.

Mónica tamén vos deixa preparadas as súas actividades. Se tedes dúbidas podedes contactar con ela. Mándavos unha aperta especial xa que leva máis tempo sen vervos.

TODAS, e Juan, mandámosvos moooooitos bicos e ánimo para seguir con este confinamento. Estadés facéndoo xenial!!! Sodes fantásticas/os.

**#ficamosnacasa**